

# DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES POLA PAZ E O DESARME



O **Día Internacional das Mulleres pola Paz e o Desarme** instaurouse o 24 de maio de 1982 por grupos pacifistas de mulleres europeas, para lembrar as campañas realizadas polas británicas que se opuxeron á OTAN e á instalación das súas bases militares. Hoxe, esta conmemoración serve para lembrar ao mundo a violencia que sofren as mulleres nos conflitos e post conflitos armados.

A Resolución 1325/2000 do Consello de Seguridade da ONU, é a primeira en que se tratou o **efecto desproporcionado e singular do conflito armado nas mulleres**. Nesta resolución sublíñase a importancia de que as mulleres participen en pé de igualdade e interveñan plenamente na prevención e solución dos conflitos, a consolidación e o mantemento da paz. Tamén insta os Estados Membros a que garantan a **participación en pé de igualdade** e a plena participación en todos os esforzos para manter e promover a paz e a seguridade e insta todos os axentes a que aumenten a representación da muller e incorporen unha perspectiva de xénero en todas as esferas da consolidación da paz.

Recoñecendo o **efecto que ten a violencia sexual nos conflitos** no mantemento da paz e a seguridade, o Consello de Seguridade da ONU aprobou a resolución 1820 do Consello de Seguridade en que se vincula explicitamente a violencia sexual como táctica de guerra coa muller, a paz e a seguridade. As mulleres que se atopan en zona de conflito bélico teñen dobre perigo; o derivado do propio conflito e, ademais, a violencia sexual que poden sufrir por parte dos homes que están nese conflito.

Pero non só as mulleres en zonas bélicas sofren violencia sexual. **As mulleres migrantes son tamén moi vulnerábeis**, así en Mexico estímase que 6 de cada 10 mulleres migrantes sofren violencia sexual no seu camiño na procura do soño americano. As mulleres sirias no seu periplo tamén sufriron violencia sexual aínda que é difícil obter datos polo hermetismo destas ante posibles represalias. O mesmo ocorre coas mulleres migrantes africanas.

A vulnerabilidade das mulleres é un feito e ante esta situación a OM Intersindical esixe:

- Que se aborden as necesidades e vulnerabilidades específicas das mulleres e nenas como resposta á crise migratoria e de persoas refuxiadas, para mitigar as graves consecuencias médicas e psicolóxicas que causan as migracións traumáticas.
- Que se facilite que as mulleres teñan dereito a reclamar asilo e, dado que o dominio patriarcal das súas sociedades négalles dereitos, o poidan facer de maneira independente.
- Que se protexa ás mulleres refuxiadas fronte á violencia e se recoñeza a violencia contra as mulleres como unha forma de persecución de acordo coa Convención sobre os Refuxiados das Nacións Unidas.

# DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES POLA PAZ E O DESARME



- Que se dean respostas con garantías de xénero de acordo coas normas de dereitos humanos tanto aos conflitos armados como ao drama das persoas refuxiadas e desprazadas.
- Que se destinen partidas económicas específicas para responder as necesidades específicas das mulleres e para promover a igualdade de xénero e empoderar as mulleres das zonas en conflito.

*Asemblea de Mulleres do STEG*

*Organización de Mulleres da Confederación Intersindical*

*24 de maio de 2017*